

## RESOLUCION DA ALCALDIA

**EXPEDIENTE 389/2019. CONTRATACION DO SUBMINISTRO DE: “REMOLQUE MULTISERVIZOS PARA A XESTION DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL”, A ADXUDICAR POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.**

Logo de ver que por Resolución da Alcaldía de data **13 de agosto 2019** se aproba a memoria valorada de “SUBMINISTRO DE REMOLQUE MULTISERVIZOS PARA A XESTION DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL”, redactado por o técnico municipal, así como o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, convocando a súa licitación.

Logo de ver que en data **03 de setembro de 2019 ás 11.00 horas** constitúese a Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato. Resultando ser :

“.....

*A continuación procédese á clasificación por orde decrecente*

	<b>Licitadores</b>	<b>TOTAL</b>
<b>PRIMEIRO</b>	<b>ANCARIA, S.L.</b>	<b>40</b>
<b>SEGUNDO</b>	<b>INGENIERIA FLOZAGA GUTERH, S.L.</b>	<b>37,5</b>

*A continuación procédese a realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación que é : **ANCARIA, S.L.***

*Polo anterior a mesa acorda requirir á empresa que obtivo a mellor puntuación para que presente os documentos acreditativos que se esixen na cláusula 19.*

.....”

Logo de ver que ANCARIA S.L. presenta a través do rexistro electrónico a documentación necesaria para a adxudicación do contrato.

En aplicación do artigo 159 apartado 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. (LCSP)

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en virtude do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, por razóns de urxencia debido os prazos de execución fixado. Da presente avocación darase traslado á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.



**SEGUNDO. Adjudicar** á empresa **ANCARIA S.L.** o contrato de subministro consistente en “SUBMINISTRO DE REMOLQUE MULTISERVIZOS PARA A XESTION DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL”, e coas seguintes condicións:

Prezo IVE incluído	35.937,00 euros
Meoras en la campaña de información y sensibilización.	SI
Ampliación del plazo de garantía	SI 1 + 4

, segundo a oferta presentada con nº de rexistro de entrada 2019-E-RC-1297 de data 23.08.2019.

**TERCEIRO.** Dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 1621.624 do orzamento vixente de gastos.

**CUARTO.** Notificar, nos termos previstos no artigo 151. 1 da LCSP, aos candidatos e licitadores.

**QUINTO.** Notificar a **ANCARIA S.L.**, adjudicatario do contrato, o presente Acordo e citarlle para a **sinatura do contrato** que terá lugar nas oficinas municipais do Concello de Portomarin en vindeiras datas.

**SEXTO.** Publicar a presente resolución no perfil do contratante no prazo de 15 días en cumprimento do establecido no artigo 151 da LCSP.

**SÉPTIMO.** Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e do Proxecto e o Plan de residuos para a súa aprobación polo Alcalde do Concello de Portomarin previo informes do *Director Facultativo das Obras* e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra.

**OITAVO.** Publicar a formalización do contrato de obras na plataforma de contratación do sector público en cumprimento do artigo 154 LCSP.

**NOVENO.** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade coa lexislación vixente.

O manda e asina o Sr. Alcalde.

Documento asinado electrónicamente a marxe do documento.

